

Informe de avaliación de datos turísticos

Verán 2016



galicia

Comportamento positivo da demanda turística nos establecementos regradados de Galicia –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural- no verán de 2016 –meses de xullo e agosto-. A cifra de viaxeiros aloxados sobe un 8,0% e o volume de noites un 11,5% en relación ao mesmo período de 2015.

Galicia ocupa o sétimo lugar no ranking das CC.AA. representando o 2,9% do total de España.

Evolución Demanda Turística nos Establecementos Regrados. Verán 2016/15

Viaxeiros

Noites


8,0%

11,5%

É o cuarto ano consecutivo no que se rexistra un comportamento positivo da demanda turística regrada en Galicia –no verán de 2013 a cifra de viaxeiros aloxados medrara un 10,5%, en 2014 un 8,1% e en 2015 un 11,7%–.


Con preto de 1,63 millóns de viaxeiros aloxados Galicia marca neste ano un máximo histórico no período estival –superando nun 26% a cifra do último ano Xacobeo–.

Evolución Viaxeiros Aloxados nos Establecementos Regrados. Verán 2012-16



Do lado das pernoctacións acontece algo similar. Consólidase neste 2016 –en particular no período estival- o crecemento rexistrado nos tres anos anteriores -do 5% en 2013 e en 2014 e do 9% en 2015- dando como resultado que a nosa comunidade rexistre preto de catro millóns no conxunto da oferta regrada –cifra que marca tamén un máximo histórico en Galicia-. En termos absolutos a nosa comunidade xerou nestes catro anos un millón de novas pernoctacións nos establecementos regrados.


Evolución Noites nos Establecementos Regrados. Verán 2012-16



DEMANDA TURÍSTICA

Os bos resultados do verán veñen como consecuencia dos crecementos rexistrados tanto no mes de xullo como en agosto. En ambos períodos obsérvase un incremento da demanda turística regrada en termos interanuais -do 13,5% en xullo e do 9,9% en agosto-, dando continuidade ao bo comportamento rexistrado en anos anteriores e marcando en ambos casos niveis históricos de demanda.

Evolución Demanda Turística nos Establecementos Regrados. Verán 2016/15, por meses




MERCADOS TURÍSTICOS

O 81% da demanda turística regradada rexistrada no verán corresponde ao turismo de orixe estatal, cifra que engloba tanto ao turismo interno –dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional –españóis que proceden doutras comunidades autónomas-.

O turismo internacional supón o 19% do total da demanda regradada neste período estival.

Mantense unha das características deste período como é o forte peso do mercado nacional en Galicia, cando menos en relación a outros momentos do ano –en temporada media, por exemplo, o turismo internacional supera o 30% do total da demanda-.

Peso principais mercados nos Establecementos Regrados. Verán 2016




MERCADOS TURÍSTICOS

Obsérvase neste verán un comportamento positivo dos dous grandes segmentos de mercado, cun crecemento semellante tanto do turismo nacional coma do internacional no conxunto da oferta regrada.

O mercado nacional sobe un 11,6% como consecuencia do incremento da cifra de viaxeiros españois –do 8,6%- engadido a unha leve mellora da estadía media –do 2,8%-. Similar comportamento se observa do lado do turismo internacional que sobe un 10,9% auspiciado por un incremento da cifra de viaxeiros estranxeiros –do 6,5%- nun contexto de mellora da estadía media –do 4,1% neste caso-.


Evolución principais mercados nos aloxamentos regrados . Verán 2016/15



MERCADOS TURÍSTICOS

O mercado nacional acumula crecementos consecutivos nos catro últimos anos acadando neste 2016 algo máis de 1,2 millóns de viaxeiros aloxados e preto de 3,2 millóns de pernoctacións regradas no período estival, cifras que tamén supoñen neste caso máximos históricos na nosa comunidade. Por vez primeira Galicia supera os tres millóns de pernoctacións nos aloxamentos regrados durante o verán.


Evolución Mercado Nacional nos Aloxamentos Regrados. Noites Verán 2012-16



O mercado internacional marca tamén neste verán niveis de demanda nunca antes vistos como consecuencia da acumulación de crecementos interanuais en catro anos consecutivos –en 2012 este segmento rexistraba algo menos de medio millón de pernoctacións nos aloxamentos regrados, cifra que sobe a pouco máis de 740.000 agora en 2016.

A cifra de viaxeiros estranxeiros queda levemente por encima de 400 mil.


Evolución Mercado Internacional nos Aloxamentos Regrados. Verán 2012-16



MERCADOS TURÍSTICOS

No ámbito hoteleiro o peso do turismo de orixe estatal sitúase no 80,3% do total da demanda turística, cifra que engloba tanto ao turismo interno –conformado polos residentes en Galicia, que supoñen o 19,7% do total- como ao receptor nacional –españóis que proceden doutras comunidades autónomas, segmento claramente maioritario pois representa o 60,6% neste caso-. O turismo internacional supón preto do 20% do total da demanda hoteleira neste verán.

Peso principais mercados nos Establecementos Hoteleiros. Verán 2016




MERCADOS TURÍSTICOS

Cun nivel máis desagregado obsérvase neste verán un comportamento positivo dos tres grandes segmentos de mercado, cun crecemento máis intenso do lado do turismo nacional –e excepcionalmente o interno-.

Xustamente o mercado interno sobe neste período un 15,3% xerando algo máis de 72.000 novas pernoctacións. O mercado receptor nacional crece tamén de forma importante, un 7,9% neste caso, xerando algo máis de 120.000 novas pernoctacións.

O turismo internacional participa tamén desta conxuntura positiva no ámbito hoteleiro cun incremento menos acusado, do 3,2% neste caso.

Evolución principais mercados nos aloxamentos hoteleiros. Verán 2016/15




MERCADOS TURÍSTICOS

Con algo máis de 270 mil viaxeiros aloxados e de 542 mil pernoctacións o turismo interno acaba neste ano máximos históricos de demanda no período estival –e no ámbito hoteleiro-. Tal circunstancia vén como consecuencia dos incrementos rexistrados nos catro últimos anos –con maior intensidade agora en 2016- o que permite a este segmento superar a inercia de caída e estabilidade que viña mantendo desde o inicio da crise.

Con esta forte suba o segmento interno contribúen en grande medida ao bo comportamento do aloxamento hoteleiro e regrado durante o período estival.


Evolución Mercado Interno nos Aloxamentos Hoteleiros. Noites Verán 2012-16



MERCADOS TURÍSTICOS

O mercado receptor nacional acumula tamén crecementos consecutivos nos catro último anos –dentro do segmento hoteleiro- acadando neste verán 700 mil viaxeiros aloxados e preto de 1,7 millóns de pernoctacións, cifras que tamén supoñen neste caso máximos históricos na nosa comunidade. Confírmase desta maneira non só a recuperación senón a boa dinámica que o mercado nacional está a ter na nosa comunidade, e máis nun período de forte presenza como é a temporada alta.


Evolución Mercado Receptor Nacional nos Aloxamentos Hoteleiros. Noites Verán 2012-16



MERCADOS TURÍSTICOS

Finalmente, o turismo internacional participa tamén aínda que de forma máis modesta do comportamento positivo da demanda hoteleira neste período estival incrementando nun 3,2% o nivel de demanda do pasado ano, e acadando tamén neste caso máximos históricos tanto de viaxeiros aloxados –con pouco máis de 330.000- como de pernoctacións no ámbito dos establecementos hoteleiros –con preto de 545.000 neste caso-.

Evolución Mercado Internacional nos Aloxamentos Hoteleiros. Noites Verán 2012-16



MERCADOS TURÍSTICOS


- Dentro do ámbito nacional Madrid constitúe neste verán o principal mercado emisor. Con preto de medio millón de noites representa o 22,2% do total da demanda turística hoteleira.
- Seguen en orde de importancia Andalucía e Castela e León –ambas co 8,5%-, Cataluña –co 7,6%- e Asturias –co 5,4% do total da demanda hoteleira neste caso-.
- Estes cinco mercados nacionais –que representan en conxunto a preto do 70% do turismo procedente doutras comunidades autónomas- rexistran comportamentos positivos de diversa intensidade. Destaca o incremento rexistrado polo mercado madrileño que supera nun 18% o nivel de demanda do pasado ano xerando preto de 75.000 nova pernoctacións en comparación co verán de 2015.
- No ámbito internacional mantense Portugal como o principal mercado emisor a Galicia. Neste verán rexístranse algo máis de 100 mil pernoctacións procedentes do país veciño, o 19% do total internacional.
- Destacan tamén como principais mercados estranxeiros Italia –co 15% das noites hoteleiras-, Alemaña e Francia –co 9%-, e Estados Unidos e Reino Unido –ambos con algo máis do 6% do total internacional neste caso-.
- Salvo Italia e Alemaña –que amosan caídas da demanda en relación ao pasado ano- os restantes mercados internacionais melloran as cifras do verán de 2015. Neste contexto destaca o crecemento do turismo portugués que se sitúa próximo ao 20%.

DEMANDA TURÍSTICA – TIPOLOXÍAS

En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes un comportamento homoxéneo, con incrementos da demanda en todas as modalidades. O crecemento de maior intensidade sitúase no segmento extrahoteleiro, con taxas importantes que se sitúan no 17% no caso dos apartamentos turísticos, no 20% nos cámpings e no 22% nos establecementos de turismo rural. No segmento hoteleiro obsérvase tamén un comportamento positivo pero de menor intensidade –do 9% nos hoteis e do 7% nas pensións-.

Estes bos resultados colocan os volumes de demanda de cada tipoloxía en niveis máximos correspondentes ao período estival.

Evolución Demanda Turística Regrada por Tipoloxías. Noites Verán 2016/15




DEMANDA TURISTICA – CATEGORÍAS

Dentro do ámbito hoteleiro obsérvase igualmente un comportamento positivo xeneralizado, con crecementos de diversa intensidade.

Destaca en termos relativos o incremento rexistrado polos hotéis dunha estrela, que melloran nun 20,5% as cifras do pasado ano. Soben tamén de forma destacada o segmento dos hotéis de tres estrelas –un 11%- e as pensións de tres e dúas estrelas –un 8% neste caso.

Esta dinámica positiva trasládase ao ámbito provincial agás no caso das pensións de Lugo que constitúen a excepción cun descenso do 17% nos niveis de demanda en relación ao verán de 2015.


Evolución Demanda Turística Hoteleira por Categorías. Noites Verán 2016/15



A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en 2,4 noites neste verán, cifra que supera nun 3,2% o dato do pasado ano.


Con este suave incremento rómpese en realidade unha tendencia de caídas consecutivas nos sete anos anteriores, circunstancia importante aínda que de momento puntual que en todo caso mantén a cifra en niveis baixos –no verán de 2008 e 2009 a estadía media nos establecementos regrados situábase en 2,7 noites de media-.

Estadía media nos Establecementos Regrados. Verán 2011-16



O bo comportamento da demanda tradúcese en boa parte das tipoloxías de aloxamento consideradas nunha mellora dos niveis de ocupación en relación ao verán de 2015 –a excepción vén da man dos apartamentos turísticos que rexistraron neste verán un incremento da oferta dispoñible superior ao crecemento da demanda de aí a caída do punto porcentual nos niveis de ocupación-.


Nos cámpings e nos establecementos de turismo rural a mellora supera os sete puntos porcentuais mentres que nos hoteis e pensións fica no contorno dos catro puntos. Son subas importantes que colocan as cifras de ocupación en niveis destacados –do 65%, por exemplo, no caso dos hoteis-.



Dentro do ámbito hoteleiro –hoteles e pensións en conxunto- o bo comportamento da demanda nestes catro últimos anos tradúcese nunha mellora paralela dos niveis de ocupación, con incrementos máis moderados en 2013 e 2014 e algo máis notables en 2015 e agora en 2016.

O resultado desta dinámica leva a que en catro anos o segmento hoteleiro mellora en máis de trece puntos os niveis de ocupación acadando de media o 57,9% neste verán –a cifra máis elevada dos últimos catorce anos-.

% Ocupación nos Establecementos Hoteleiros. Verán 2012-16




RENDIBILIDADE HOTELEIRA

As tarifas hoteleiras en Galicia mantéñense estables neste verán situándose en 62,2 euros de media. A mellora dos niveis de demanda e ocupación, acontecida nun contexto de estabilidade dos prezos hoteleiros, permite aos establecementos hoteleiros da comunidade incrementar os niveis de rendibilidade en relación ao período estival de 2015 –o RevPAR sobe un 6,5% ata situarse en 37,0 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Os bos resultados en termos de ingreso e rendibilidade hoteleira proveñen, por tanto, dunha mellora dos niveis de demanda e non dun incremento das tarifas hoteleiras en relación ao pasado ano.

Ocupación, ADR e RevPAR Hoteleiro. Verán 2016




RENDIBILIDADE HOTELEIRA

En termos absolutos, combinando a mellora dos niveis de demanda e ocupación nun contexto de escaso crecemento das tarifas hoteleiras, estímase que o sector hoteleiro rexistrou neste verán algo máis de 90,5 millóns de euros de ingreso total por habitación ocupadas, cifra que supera nun 8,3% o dato do mesmo período do pasado ano.

Son preto de sete millóns de euros de incremento do ingreso total en relación ao verán de 2015.

Ingreso total por habitacións ocupadas no segmento hoteleiro. Verán 2016



TURISMO INTERNACIONAL - FRONTUR

No ámbito do turismo internacional existe unha fonte específica que mide o volume e características deste segmento da demanda: FRONTUR. Segundo esta operación neste verán de 2016 visitaron Galicia pouco máis de 350.000 turistas estranxeiros, cifra que inclúe a aqueles que se aloxan en establecementos regrados e non regrados. Preto do 79% visitou a nosa comunidade por Vacacións/Ocio –percentaxe superior á que se rexistra noutros momentos do ano- mentres que un 13% fíxoo por motivos persoais.

O excursionismo internacional, procedente na súa meirande parte de Portugal –en particular máis do 85%-, estímase en algo máis de 880.000 persoas neste mesmo período.

Turismo internacional en Galicia. FRONTUR Verán 2016


	Verán 2016	Peso
TURISTAS INTERNACIONAIS	350.558	100,0%
Vacacións / Ocio	276.208	78,8%
Persoal (Saúde, Familia,...)	44.020	12,6%
Resto motivos	30.330	8,7%
EXCURSIONISMO INTERNACIONAL	882.076	-

CAMIÑO DE SANTIAGO

En relación co número de Compostelas que expide a Oficina do Peregrino obsérvase neste verán un estancamento da dinámica que se viña rexistrando en anos anteriores -en síntese rexístranse algo máis de 99.000 peregrinos, cifra que cae un 0,4% en relación ao pasado ano-.

Como é habitual en temporada alta o volume de peregrinos españois supera aos estranxeiros – representan os primeiros case o 60% do total-. En relación ao pasado ano obsérvase un descenso do volume de peregrinos españois –do 2,2%- e un incremento paralelo dos estranxeiros –do 2,4% neste caso- acadando un máximo histórico con pouco máis de 40.000 neste verán.

Evolución peregrinos en Galicia. Nº Compostelas Verán 2011-16




CAMIÑO DE SANTIAGO


Obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos segundo a procedencia. En relación ao pasado ano cae o volume de peregrinos españois –un 2,2%- e paralelamente increméntase a cifra dos estranxeiros –un 2,4% neste caso- acadando un máximo histórico con pouco máis de 40.000 neste verán.

Por rutas destaca o Camiño Francés –co 60,5% do total-, que rexistra un descenso do volume de peregrinos do 2,7%. Os restantes camiños amosan en global, en cambio, un comportamento positivo, superando nun 3,4% as cifras do verán de 2015.

Evolución Peregrinos, por procedencia. Verán 2016/15



Evolución Peregrinos, por rutas. Verán 2016/15




CAMIÑO DE SANTIAGO

Outro dos indicadores que se manexan na análise da demanda no Camiño de Santiago é o número de noites rexistradas na rede de albergues públicos do Xacobeo.


Neste verán rexistráronse un total de 103.640 noites, cifra que descende nun 7,9% en relación ao dato do pasado ano. A tendencia dos últimos anos amosa, en termos xerais, certa estabilidade no período 2011-13 e caídas consecutivas desde ese ano –do 3,9% en 2014, do 1,3% en 2015 e do 7,9% agora en 2016.

Por rutas obsérvase un descenso das noites rexistradas nos albergues públicos do Camiño Francés –do 11,2%- así como daquelas correspondentes aos restantes camiños –do 3,8% neste caso-.

Evolución Noites en Albergues Públicos. Verán 2011-16



Variación Noites en Albergues Públicos. Verán 2016/15



CAMIÑO DE SANTIAGO

No ámbito do Camiño Francés, en particular, e tomando en consideración as cifras aportadas polo INE, obsérvase neste verán un descenso tanto da cifra de viaxeiros aloxados coma das pernoctacións nos hotéis e pensións dos concellos presentes na ruta –caen un 8,5% e 6,6% respectivamente-. Obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado con descensos tanto do turismo nacional –do 8,1%- coma do internacional –segmento que cae neste caso un 9,1%-. Tamén neste caso o volume de viaxeiros españois supera aos estranxeiros –os primeiros representan o 60% do total-.

Demanda Hoteleira no Camiño Francés. Verán 2016

	Verán 2016	Var. Int. 16/15
VIAXEIROS ALOXADOS	120.960	-8,5%
Españois	72.042	-8,1%
Estranxeiros	48.918	-9,1%
NOITES	129.303	-6,6%
ESTADÍA MEDIA	1,07	2,1%
OCUPACIÓN (%)	52,9%	0,33

TRÁFICO AEROPORTUARIO

O tráfico global de pasaxeiros nos aeroportos de Galicia incrementábase un 6,5% neste verán rexistrando preto de 940.000 no conxunto da comunidade.

O incremento global da cifra de pasaxeiros vén como consecuencia da mellora rexistrada nos tres aeroportos, con diversa intensidade. Destaca en termos relativos a suba correspondente ao aeroporto de Vigo que supera nun 30% o tráfico de pasaxeiros do pasado ano. En A Coruña o incremento é máis suave –do 3,8%– mentres que en Santiago fica máis ou menos nas mesmas cifras do pasado ano.

Tráfico aeroportuario en Galicia. Verán 2016


AEROPORTO	Verán 2016	Verán 2015	Var. Int. 16/15
A CORUÑA	197.026	189.864	3,8%
SANTIAGO DE COMPOSTELA	538.300	536.151	0,4%
VIGO	204.170	156.534	30,4%
GALICIA	939.496	882.549	6,5%

EMPREGO NO SECTOR TURÍSTICO

En termos de emprego no sector turístico –en particular nas ramas de Hostalería e Axencias de Viaxe- obsérvase certa mellora neste verán cun incremento das afiliacións á Seguridade Social en relación ao pasado ano. Soben en concreto un 2,5% situándose a cifra media de xullo e agosto en 83.500 no conxunto da comunidade.

Son cinco anos consecutivos de incremento das afiliacións á Seguridade Social nas ramas citadas pasando dun promedio de pouco máis de 76.500 en 2011 a 83.500 agora en 2016.

Evolución Afiliacións á Seguridade Social (Hostalería e Axencias de Viaxe). Verán 2012-16



Informe de avaliación de datos turísticos

Verán 2016



galicia